

LIMIAR

A celebración do centenario da fundación das Irmandades da Fala (IF), en 2016, chegou acompañada dunha programación institucional e de dúzias de actos celebrados por asociacións culturais de base, e por outras entidades e colectivos, para lembrar e difundir o legado irmandiño e homenaxear personalidades ligadas a aquel período tan vizoso para a historia de noso. Actos en que estiveron presentes as IF a través da literatura, da música, do teatro; de mostras filatélicas, roteiros urbanos, exposicións itinerantes; de mesas de debates, seminarios, publicacións, como a xerada após a celebración do *Simposio Repensando Galicia: As Irmandades da Fala 1916-1931*; dos espazos web dalgúñas institucións que albergaron novas seccións –de pouco alcance, na verdade– para dar a coñecer os fondos conservados sobre as IF, no caso da Real Academia Galega, ou un Álbum das Irmandades, no caso do Consello da Cultura Galega, destinado a recoller biografías dos principais protagonistas do movemento, aínda que só saíron dezaseis e ningunha de mulleres...

Porén, malia o esforzo realizado –que hai que agradecer– por espallar o labor de homes e mulleres que entre 1916 e 1936 deixaran a agra decruada e a semente botada, a lembranza das irmandiñas en todos aqueles eventos, na verdade, foi bastante testemuñal e case sempre referida a mulleres xa coñecidas, moi poucas, porque apenas se avanzou no coñecemento doutras na citada efeméride, coa excepción de Micaela Chao, que tirou do esquecemento Emilio Xosé Insua, e Concepción González Varela e Adela Martínez García, cuxos perfís biográficos foron recuperados por quen subscribe. Foi ao finalizar o centenario cando comezamos unha pescuda perseverante co obxectivo de dar a coñecer outros nomes, porque era impensábel que naquel movemento transversal, que encheu de esperanza e ilusións moitos corazóns, non houbese máis mulleres.

Pouco e pouco fomos confirmando documentalmente que na acción social, cultural e política, tamén estaban elas, as irmandiñas, mais ese mantelo tan opaco que as cubriu e que apenas deixou pasar unha raiola de luz sobre as súas vidas e accións, foinas envolvendo até chegarmos á actualidade. Como aconteceu coa maioría das mulleres doutros períodos da nosa historia, o seu –sabémolo– foi un traballo constante, calado, produtivo, silenciado, que había que recuperar. Porque como ben deixou escrito Xohana Torres nun fermoso poema dedicado á súa avoa, “Sibila en Ribadavia”, co que pechou o discurso de ingreso na Academia Galega, *Eu tamén navegar* (2001): “É que nada se entenderá de todo/ se antes non regreso ao punto de partida”.

Malia os tímidos avances que se produciron nas primeiras décadas do século XX, non foi nada doado para as mulleres a incorporación aos espazos públicos. Naquel ambiente xeral en que vivía a metade da humanidade, as irmandiñas non foron unha excepción. Cando se elixiu a directiva do grupo feminino da IF da Coruña, en decembro de 1918, ningunha das electas fixo uso da palabra nen leu a calorosa mensaxe que enviaron un grupo de señoras, porque quen a leu foi Lois Peña Novo, despois de pronunciaren discursos, tras a elección, varios irmandiños coñecidos. Tampouco hai rastro da asistencia ás asembleas das IF aínda que xa na I, celebrada en Lugo o 17 e 18 de novembro de 1918, se proclamase a igualdade de dereitos para as mulleres. Houbo que agardar á etapa da República para encontrarmos, por primeira vez, nun acto –tal como se sinalou no transcurso do mesmo– ás mulleres do Grupo Feminino do Partido Galeguista (PG) de Ourense. Foi na III Asemblea celebrada en Ourense en xaneiro de 1934 e volverían estar presentes na IV, que tivo lugar en Compostela en abril de 1935. Foron as ourensás as que romperon con aquela discriminación e onde tamén tiveron voz a través

dos discursos que pronunciou Mercedes do Campo, secretaria do grupo, en ambas as asembleas; discursos nos que, alén da declaración e afirmación da galegitude do colectivo e do traballo que debían facer en prol do melloramento da Patria, propugnou a creación de grupos femininos para vincularen as mulleres co movemento galeguista.

Por outra parte, excepción feita dos grupos especificamente femininos, foi testemuñal a súa presenza en cargos orgánicos no PG, como no resto dos partidos. Á agrupación galeguista estradense cábelles a honra de ser a primeira que contou con tres mulleres na directiva: na elección efectuada en febreiro de 1933, con Carlos Pardo como presidente e Felipe Rei como secretario, a tesouraría recaeu en María Pereira Rial e dúas vogalías en Maruxa e Isaura Calvo.

Non pretendemos analizar estes datos que sinalamos, e outros que se comentan ao longo dos capítulos, con criterios actuais senón deixar constancia dunha realidade que afectou por igual a todas as mulleres. No caso das irmandiñas, a súa proxección pública tamén foi abondo limitada se a comparamos coa dos compañeiros, mais o seu compromiso e actividades non foron en absoluto irrelevantes. Cos seus contributos avanzouse no cultivo da lingua e cultura e na defensa da identidade galega, porque naquela seara comunal, elas tamén colleron a aixada ou o legón para abriren e removeren a terra e, en cada suco que abriron, deixaron o gran, que foi xermolando aos poucos... Ás veces, os lombos de terra, ao caeren no rego, afogaron a semente e outras veces a mera ou o pedrazo estragaron a colleita. Houbo que repetir a sementeira... Mais, dunha ou doutra forma, ao final sempre houbo produtos para colleitar; produtos que seguimos recollendo nesta altura.

Quer no activismo inicial tras o nacemento das Irmandades, quer na música, no baile, no teatro, na actividade intelectual, no exercicio do maxisterio, no traballo

agrícola, no deporte, na actividade empresarial, na medicina, na actividade política, no desenvolvemento editorial galego, no espallamento do ideal galeguista e republicano, na defensa da lingua, na escrita, no lanzamento de manifestos... Alí estaban as irmandiñas cuxas traxectorias –ás veces bastante completas, outras veces fragmentarias–, incluímos neste libro, para tentar cubrir un sorprendente e inxusto baleiro.

As irmandiñas existían, embora o seu papel social estivese limitado polos condicionantes de xénero e non tivese a mesma consideración de que gozaban os irmandiños. Mesmo así, foron abrindo cos cóbados os espazos arelados, contra vento e marea. E, como estiveron presentes na sociedade do seu tempo, só había que buscalas, proceso ben laborioso porque os seus nomes e achegas ficaron espallados polas páxinas de xornais e revistas, por algunhas monografías e, noutros casos, gardadas nos arquivos e na memoria familiar. Non foi labor doado atopar as súas pegadas por ese proceso de ocultación que excluíu as mulleres da historia. No caso das integrantes dos coros e cadros de declamación, por exemplo, as alusións á participación feminina nos diferentes espectáculos comentados limitábase, con moita frecuencia, a frases do tipo “un grupo de señoritas”, “unhas mulleres”, “unhas mozas”, sen faceren referencia nominal. No caso das asistentes a algúns actos políticos ou doutro teor, tampouco se individualizaba, e estes feitos sempre dificultan a investigación.

Co título *Irmandiñas*, referímonos non só ás asociadas ás IF de que temos constancia porque, como é ben sabido, arredor do movemento irmandiño agromaron diferentes iniciativas nas que estiveron presentes as mulleres. Por iso incluímos no libro ás que fixeron parte dos coros e das agrupacións teatrais que se formaron á marxe dos coros; ás que foron socias activas e/ou protectoras de institucións científicas tan prestixiosas como o Seminario de

Estudos Galegos, ligado á Universidade de Santiago, que desenvolveu unha tarefa de grande magnitude; ás militantes do Partido Galeguista –para algunhas continuación da militancia nas IF– onde houbo moitas mestras, modistas, labregas e algunha propietaria; ás que traballaron incansabelmente na Agrupación Republicana Feminina, unha das entidades máis dinamizadoras da Coruña nos seus tres anos de existencia (1933-1936), ou ás integrantes do Grupo Feminino do Partido Galeguista de Ourense, que fixeron ouvir a súa voz por primeira vez, a través do “Manifesto ás mulleres galegas”, o Día de Galiza 1933; ás que colaboraron en medios como *A Nosa Terra*, con escasa presenza, todo hai que dicilo. Mulleres, todas, que foron conscientes do papel que xogaban no proceso de construción do país, na defensa da súa lingua e cultura, das súas tradicións, na prosperidade colectiva, na angueira política e na paz social.

E chegou a militarada a segar vidas, a destruír familias, a tinxir de sangue as paisaxes amadas, a rachar con proxectos individuais e colectivos de moitas galegas e galegos. A militarada chegou para estragalo todo, para cubrir de sufrimento e traxedia moitas vidas, demasiadas; para golpear de forma brutal algunhas irmandiñas (Antonia Pardo, Amalia Álvarez, María Miramontes) ao arrebatárenlles o que máis amaban, os seus homes, cos que partillaran ideais e proxectos de vida. Aquel regueiro de sangue que ficou na estrada de Saa-Meixide, na Caeira e en Cacheiras en agosto do 36, tras os fusilamentos de Camilo Díaz, Alexandre Bóveda e Ánxel Casal, tinxiu de dor e soidade a vida das súas viúvas.

Para algunhas irmandiñas o golpe militar supuxo o afastamento da Galiza. Co corazón magoado e cun fardel ategado de tristura e impotencia, puxeron terra por medio para fuxir da persecución, do cárcere ou, talvez, da morte. Deixaron as raíces na terra, marcharon a Francia (Amparo López Jean), a Arxentina (María Miramontes), a Cuba (Pilar

Durán Fariña) e, para sobrevivir, teceron unha rede cos fíos da ausencia e das lembranzas; coa lingua, o froito primeiro que agarimaron na distancia. Nunca máis volveron.

Varias mestras que figuran no libro foron sancionadas con suspensión de emprego e salario por períodos de tempo breves ou máis extensos. Outras viron truncada a súa brillante carreira profesional no exercicio da docencia: Elvira Bao Maceiras e Carmen Parga Rodríguez foron separadas definitivamente do Maxisterio. O caso desta última revela como actuaban aquelas comisións depuradoras: en 1955 revisouse o seu expediente e resolveuse que podía volver ao exercicio docente mais con traslado fóra da provincia durante cinco anos e inhabilitación para cargos directivos e de confianza.

Outras irmandiñas tamén sufriron nas súas profesións as consecuencias do levantamento militar: a xornalista María Luz Morales, que fora nomeada directora do xornal barcelonés *La Vanguardia* por un comité obreiro integrado por representantes das diferentes seccións, foi cesada e depurada, retirouselle o pasaporte e prohibíuselle o exercicio xornalístico, alén de estar encarcerada durante corenta días nun convento habilitado como prisión, período ao que seguiron varios anos de ostracismo até que retomou o xornalismo. O posicionamento político da médica Olimpia Valencia López púxoala no punto de mira das autoridades e, en febreiro de 1937, estivo uns días detida no cuartel da Garda Civil, acusada de pertencer ao PG e de ter relación con xentes de esquerdas. As represalias que sufriron as persoas non adictas ao novo réxime, deixáronse sentir así mesmo na súa consulta de Vigo.

Xa iniciada a dura posguerra, unha militante do PG residente en Bandeira, Laura Nicolás Esperante, foi condenada a dous anos de cárcere –acusada de bandidaxe e terrorismo–, por colaborar coa guerrilla antifranquista, organización na que estaban o seu home e un irmán.

Atrás quedaron anos de entrega á causa de Galiza, de compromiso ideolóxico, de construción dun país ao que amaban e no que crían, de loita pola consecución da autonomía. Ao longo dos capítulos de *Irmandiñas*, nos que seguimos o criterio cronolóxico, tratamos de reconstruír aquel período contextualizado da nosa historia no que foron (co)partícipes as mulleres. No caso dalgunhas ben coñecidas na actualidade, como a coruñesa María Luz Morales –unha das xornalistas e escritoras de máis intensa e brillante traxectoria que residiu en Barcelona desde moi nova–, afondamos de maneira especial na súa relación con Galiza e co PG, a vertente menos coñecida e investigada, e achegamos informacións descoñecidas ou ignoradas. O caso de María Miramontes, na nosa opinión, precisaba dunha revisión, porque se ben é certo que se dedicou ao oficio da costura, cómpre deixar de aporlle a romántica imaxe da “costureiriña linda” que salvou coa agulla, o fío e as tesouras a empresa editorial do libro galego, *Nós*. Fica moi conmovedor como relato, mais a correspondencia de Ánxel Casal co seu irmán Manuel e os testemuños publicados –na biografía do editor, da autoría de Dobarro/Vázquez Souza–, sobre todo o dun tipógrafo que viviu coa parella case tres anos, relativizan aquela dedicación e son suficientemente ilustrativos sobre o labor diversificado da irmandiña. Coseu, efectivamente, mais en Compostela, cando menos, centrouse sobre todo na especialidade de corte e tiña alumnas que ían aprender ao seu obradoiro. Na imprenta *Nós*, coseu e encadernou libros e, noutra orde de cousas, en cada iniciativa de Ánxel Casal, sempre estaba ela, como pomos de relevo no capítulo III. O plural, non maiestático, que utiliza Ánxel Casal na correspondencia, ao se referir ás actividades que desenvolvían e ás iniciativas que tiñan entre mans, e as despedidas –“Maruxa e Ánxel”, “Ánxel e Maruxa”– reflicten unha realidade, a relación igualitaria entre a parella, e non unha mera expresión lingüística.

Os catorce capítulos de que consta o libro son desiguais en extensión porque a información para a elaboración dos perfís biográficos tamén foi desigual: unhas ocupan un capítulo enteiro, outras apenas unhas liñas. Mais as investigacións de xénero son sempre “obra aberta”, que pode ser completada en futuras investigacións, e de feito así ven acontecendo con outros libros. En todo caso, quixemos lembrar as irmandiñas que pisaron por primeira vez as aulas universitarias, as que estaban nas bibliotecas, nas reunións do Seminario de Estudos Galegos; as que asistían ás veladas literario-musicais ou teatrais da Casa Social (Salón Teatro) de Compostela, como espectadoras ou como conferenciantes e actrices, ou ás veladas teatrais no Teatro Xofre de Ferrol, no Alfonso de Betanzos, no Principal de Compostela; as que ían aos mitins no Rosalía de Castro da Coruña; as que se reunían co colectivo de militantes no local social de María Pita, 17, ou na rúa Real, 36º-1º da Coruña; as que acudían á sede do grupo irmandiño compostelán, na Praza da Quintana-esquina San Paio, nº 7 e, máis tarde, na rúa Caldeiraría, 30.

Todas as mulleres que figuran no libro desenvolveron a súa actividade no período anterior a 1936 e pódense encadrar dentro das entidades, asociacións, grupos ou organizacións que encabezan cada capítulo. De colaboraren en máis dun grupo ou asociación, como é o caso das que foron militantes das IF, do PG e da Agrupación Republicana Feminina, por exemplo, ocupámonos da súa traxectoria seguindo un criterio cronolóxico. Dos catorce capítulos de *Irmandiñas*, nove levan un Anexo onde reproducimos textos de non doada localización e consulta, uns da autoría das biografadas, outros son manifestos, arengas, declaracións, publicadas en días sinalados, como o 25 de xullo, cuxa inclusión semella acaída para un mellor e máis completo coñecemento da materia tratada no respectivo capítulo. A obra está ilustrada con abundante material gráfico, en boa

medida inédito, para contribuír, aínda máis, á recuperación da imaxe de moitas galegas. Porque é importante porlles rostro.

Para alén das fontes referenciadas na Bibliografía, para a elaboración de *Irmandiñas* foron fundamentais as fontes hemerográficas. Fíxemos un baleirado exhaustivo de numerosas publicacións galegas –e das colectividade galegas en América–, dalgunhas catalás e madrileñas do período 1916-1936, cuxa relación, e abreviatura, figura no apartado correspondente. O semanario *A Nosa Terra*, boletín irmandiño e posteriormente do PG, foi unha fonte de información inesgotábel. Información que completamos en arquivos e fundacións. A todas estas fontes hai que engadir as orais, de grande importancia para a recuperación de traectorias femininas, porque a técnica de investigación oral permite dar resposta aos problemas derivados da ausencia de fontes escritas. Neste sentido a colaboración prestada polas familias de varias irmandiñas foi decisiva. E aquí xa entramos no capítulo de agradecementos.

Para todas e todos os familiares –netas e netos, sobriñas e sobriños ou persoas unidas a elas por outro nexo familiar–, vai todo o noso agradecemento, porque abriron os seus arquivos para nos facilitar imaxes gráficas e coa súa memoria achegaron datos biográficos. Para non facer prolixa a enumeración, consignamos os seus nomes en “Arquivos particulares”, que figura no apartado “Fondos documentais e bibliografía”. Si queremos citar, porén, os nomes de familiares directos, fillas e fillos dalgunhas irmandiñas: Elvira Varela Bao, Amalia Bóveda Álvarez, Manuel Peña-Rey Bouzas, María Luísa Bouza Álvarez, José Rey Parga, Juana Pimentel Muñiz, Dolores Rodríguez Sende, M^a del Carmen Rodríguez Sende e Aurora Romero Quintáns. Elas e eles achegaron información, puxeron ao noso dispor a documentación conservada na casa, esclareceron dúbidas, brindáronnos o seu tempo e a súa amizade.

Do arquivo de Uxío Breogán Diéguez Cequiel, José Luís do Pico Orjais e Xesús Santos saíron materiais que facilitaron o noso labor de pescuda, enriqueceron os contidos que figuran nalgúns capítulos e incrementaron algúns perfís biográficos e a parte gráfica do libro. Cos tres amigos temos contraída unha débeda de gratitude. A mesma gratitude que queremos expresar con Manuel Igrexas e coa Fundación Isla Couto –co seu arquivreiro Iñaqui Solla e, de maneira especial, co seu padroeiro Xosé Luís Pastoriza Rozas–, por nos facilitar información e imaxes para o capítulo IX, como se indica nas notas correspondentes.

Irmandiñas sae ao mundo rodeado de arte, a que puxeron Helena de Alfonso, Jose Lara Gruñeiro e José Luís do Pico Orjais –da banda folk Barahúnda– na peza orixinal do mesmo título que compuxeron inspirándose nelas. E sae co alento e a axuda inestimábel do meu compañeiro de vida, Xosé Luís Ces.

Edicións Laiovento vai celebrar ao longo de 2020 o seu 30 aniversario. Alegrámonos de que *Irmandiñas* se incorpore ao seu catálogo nesta data sinalada e agradecemos ao seu responsábel, Afonso Ribas, a acollida de libros como este, e como os publicados anteriormente, centrados na visibilización das galegas.

En Compostela, a 17 de decembro de 2019, data de nacemento de Ánxel Casal e Día da Edición en Galiza.

Aurora Marco

ÍNDICE

Limiar	7
1. As primeiras irmás da fala. Concepción González e Jacinta Landa	17
- Carmen Díaz Varela e outras doantes	19
- Concepción Josefa Teresa González Varela	21
- Unhas notas de lembranza sobre Jacinta Landa Vaz	27
- Anexo	31
2. O grupo feminino da Irmandade da Fala da Coruña	39
- Un manifesto de 1918	40
- Activismo militante	42
- Micaela Chao Maciñeira	48
- Teresa e Carme Chao Maciñeira	53
- Ermitas López Verdes e Genoveva Casal	55
- Antonia Pardo Méndez	58
- Anexo	63
3. Elvira Bao Maceiras e María Miramontes Mato	77
- Elvira Bao docente	77
- A entrega á causa nacionalista e ao republicanismo	79
- Represión e exilio interior	84
- Testemuño dun ex-alumno	87
- María Miramontes nos círculos galeguistas e republicanos	90
- Escolas de Insiño Galego	92
- Traslado a Compostela	95
- Golpe militar e exilio	99
4. Unha irmandiña filla da emigración	109
- Docencia e asociacionismo en sociedades habaneiras	110
- Publicismo. Galiza como pano de fondo	112
- A primeira viaxe á Terra	117
- Anexo	119

5. Nos coros e cadros de declamación.....	129
- A presenza feminina nos coros.....	132
- <i>Toxos e Froles</i> de Ferrol.....	132
- <i>Cántigas da Terra</i> da Coruña	135
- <i>De Ruada</i> de Ourense.....	137
- <i>Cantigas e Agarimos</i> de Santiago de Compostela	138
- <i>Agrupación Artística</i> de Vigo	140
- Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra	141
- Amalia Álvarez Gallego.....	143
- O medo, a traxedia e a separación familiar	149
- A coraxe de Amalia Álvarez Gallego.....	153
- Poemas de amor, de dor e ausencia	156
6. Nas agrupacións teatrais independentes dos coros	167
- A presenza feminina no Conservatorio Nazonal do Arte Galego.....	169
- As irmás Meléndrez Bosch e outras actrices do CNAG.....	173
- O Cadro Universidade.....	176
- Olimpia Valencia López.....	181
- As irmás Deulofeu Carbona	185
- Actrices doutros grupos de teatro.....	188
- Cabo	191
- Anexo	193
7. No Seminario de Estudos Galegos	201
- Carmen Sierra Domínguez	202
- Luísa Cuesta Gutiérrez.....	204
- María del Carmen Corredoira Ruíz de Baro.....	210
- Sara Leirós Fernández	213
- Tres universitarias de Químicas e Farmacia	215
- María Pura del Rosario Lorenzana Prado	217
- Josefa Iglesias Vilarelle	223
- Ángela Santamarina Alducín	226
- María de la Encarnación Fraga Padín.....	228
- Emilia Álvarez Álvarez.....	229

8. As mulleres da sociedade “Amigos del Paisaje Gallego”	241
- Seccións e actividades	242
- O cadro de declamación	245
- Teruca Bouza Vilas	248
9. No Partido Galeguista	253
- Daría González García	255
- Emilia Docet Río	256
- María Antonina Sanjurjo Aranaz	262
- Dolores e Rosa Cancelo Puga	265
- Inmaculada Concepción Lamas Barreiro.....	269
- María Elvira Fernández López	277
- Teresa Laurentina Nicolás Esperante	279
- Carmen Parga Rodríguez.....	282
- Outro nomes para a lembranza	289
- O Partido Galeguista en Rianxo	294
- O Centro Galeguista de Asados e o seu grupo de teatro <i>Airiños</i>	296
- As militantes de Asados.....	300
10. María Luz Morales no Grupo Galeguista de Barcelona	335
- Traxectoria vital e profesional	336
- María Luz Morales e Galiza.....	344
- No Partido Galeguista	348
- Anexo	352
11. No PG e na Agrupación Republicana Feminina da Coruña	363
- Rita Amparo López Jean.....	366
- Familia, formación e actividade docente	367
- Irmandiña, republicana e militante do Partido Galeguista.....	371
- O levantamento militar e o exilio.....	375
- Adela Martínez García	378
- Matilde Fraga Ferreiro	381
- Ánxela Roibal Pérez	386

- M ^a del Pilar Consuelo Julia Durán Fariña	391
- Anexo	395
12. Homenaxe a Filomena Dato e nacemento do Grupo	
Feminino do Partido Galeguista de Ourense	411
- Galiza e as mulleres na obra de Filomena Dato	412
- O “Manifesto ás mulleres galegas”	416
- O grupo feminino do PG e as súas actividades	418
- O Manifesto das “Mocidades Femininas Ourensás”	422
- Anexo	423
13. Dúas directivas do grupo feminino de Ourense.....	429
- Celia Bouzas Barreiro.....	429
- Esther e Marina Peña Bouzas	435
- Mercedes do Campo	436
- Anexo	440
14. A presenza feminina en <i>A Nosa Terra</i>. “O recanto da	
muller” e outras colaboracións.....	447
- Colaboradoras de <i>A Nosa Terra</i> dos primeiros anos	448
- Francisca Herrera Garrido.....	448
- Carmen Prieto Rouco	451
- Herminia Fariña Cobián	453
- Corona González Estévez	457
- A sección “O recanto da muller”	461
- Anexo	467
Fontes documentais e Bibliografía.....	487